



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## “Memoria das actividades realizadas no ano 2012”

**ALCER Ourense: Sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44, nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7 , 32.005 (OURENSE) tlf: 988 22.96.15/ 663780330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **. 1. ÍNDICE**

### **1. ALCER OURENSE: PRESENTACIÓN**

### **2. ACTIVIDADES**

### **3. ATENCIÓN SOCIAL**

### **4. DESGLOSE DALGUNAS ACTIVIDADES**

**1. III XORNADAS DE COIDADOS EN SAÚDE RENAL  
(3 de Marzo)**

**2. DIA MUNDIAL DO RIL  
(8 de marzo).**

**3. PASEO POLA SAÚDE  
(9 e 10 de Abril).**

**4. DIA NACIONAL DO DOADOR 2012  
Nesto si somos sempre os primeiros e contigo vamos a seguir  
séndoos”.**

**5. STAND RECINTO FERIAL DE EXPOURENSE.**

**6. CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN  
NOS COLEXIOS.**

**7. CEA ANUAL DO MAGOSTO  
(24 de Novembro).**

### **5. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS**

**ANEXO 1: NOTICIAS DE PRENSA**

**ANEXO 2: COLABORADORES**

**ANEXO 3: CONTA DE PÉRDIDAS E GANANCIAS**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **1. ALCER OURENSE: PRESENTACIÓN**

**Nome:** ALCER Ourense (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

**CIF:** G-32.011.041

**Dirección :**

A.S. DISCAFIS, Rúa da Farixa, 7  
32.005 (OURENSE) Tif: 988 22.96.15 /663 780330  
[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)

**Data de Constitución:** 29 de xaneiro de 1982, ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa, declarada de utilidade pública.

**Nº Rexistro de Entidades Voluntarias:** O-44

**Nº Rexistro Provincial:** 277

**Responsable:** David Gulias Rivas(Presidente da Asociación)

**Compoñentes do Órgano de Goberno:** Dende o 13 de marzo do 2011, a Xunta Directiva da Asociación está formada por:

<b><u>Presidente:</u></b>	David Gulias Rivas
<b><u>Vicepresidente:</u></b>	Pilar Suárez Aller
<b><u>Secretaria:</u></b>	Leopoldina Losada Rey
<b><u>Tesorero:</u></b>	Eloy Gómez Iglesias
<b><u>Primeiro vocal:</u></b>	Jorge Rodríguez González
<b><u>Segundo Vocal:</u></b>	Antonio Vázquez Prada
<b><u>Tercero Vocal:</u></b>	Luz Rodríguez Pombo
<b><u>Cuarto Vocal:</u></b>	Mª Teresa Pereira González
<b><u>Quinto Vocal :</u></b>	Carlos Caamaño del Castillo

**Número de socios:** (85 numerarios e 65 colaboradores)

**TOTAL:** 150



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**ALCER- Ourense é unha Asociación de carácter social e sen ánimo de lucro** que ten como **finalidade xeral**, contribuír a atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, tentando previr as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación**.

A Asociación está composta por **enfermos renais crónicos en tratamento de diálise, transplantados do ril** e persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 134 membros, dos cales 75 son socios numerarios (enfermos de ril) e 59 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas o longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- **Sensibilizar** ó conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e as súas familias (económica, social e psicolóxica) dun xeito integral.
- **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou onde esta non pode chegar.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2011, estas actividades son froito do empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales sería imposible realizar esta labor, xa que é un traballo de equipo, no que todos e todas as que formamos parte de Alcer colaboramos poñendo o noso grao de area.

Por que só froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense ( socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourenzá en xeral.

Unha vez mais a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servicio.

A todos/as gracias

**DAVID GULIAS RIVAS**  
**Presidente de Alcer Ourense**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **2. ACTIVIDADES**

### **XANEIRO**

1. O día 2 de Xaneiro as Traballadoras Sociais reciben unha chamada telefónica da filla dun paciente de hemodiálise que solicitara un **traslado para poder dializarse en Madrid.** O día 28 de Novembro a traballadora social de Alcer comunicou a solicitude a secretaría de Nefroloxía, serán eles os encargados do traslado.

Este mesmo día as traballadoras sociais chamamos a Secretaría, por petición de axuda por parte da súa filla para preguntarlles o estado da solicitude, xa que a filla chamou o hospital que nun principio solicitaban ou preferían para dializarse o seu pai e dixéronlle que estaba cheo. Entón ela quere saber en que hospital o van a dializar, para organizarse.

Quedo en informarme e chamala en canto saiba algo desta tramitación.

2. O día 3 as **Traballadoras Sociais contactan cun paciente** de hemodiálise que permanece ingresado no Hospital Juan Canalejo (Coruña) xa que en semanas anteriores comunicáronlle a opción do transplante. Ademais este paciente non tiña recoñecido o grao de discapacidade, expliqueille en que consistía e estaba interesado. Cando nos comunica o do transplante, as traballadoras sociais póñense en contacto co departamento correspondente e pásannos cunha médica do equipo de valoración. Comentámoslle a situación actual do paciente e dinnos que dende que o transplantan para que a solicitude surta os mesmos efectos é mellor agardar seis meses para poder valorar a funcionalidade dos seus riles. Independentemente de isto o paciente pode solicitala, inda que non é o máis axeitado.

Informo o paciente desta situación e dime que entón agardamos por unha tempada.

3. O día 4 as Traballadoras Sociais reciben varias chamadas telefónicas de pacientes de hemodiálise e de diálise peritoneal para facerse socios. En días posteriores quedan en vir por Alcer Ourense ou ingresarán na nosa conta a cuota de socio.

4. O día 5 as Traballadoras Sociais fan socios a un paciente de diálise peritoneal e a súa muller. Falamos un pouco con eles, e a súa muller coméntanos que ten



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

dificultades para facerlle a comida. Entón comentámoslle que temos un libro de alimentación que solicitamos a Federación Nacional.

5. O día 9 as Traballadoras Sociais pónense **en contacto coa traballadora social de Melón** para comentarlle a situación dun paciente de diálise peritoneal. O paciente e a súa muller teñen dificultades de mobilidade. Actualmente teñen recoñecida a dependencia, grado 3 nivel 1. A modalidade escollida é a de coidados no entorno familiar por parte da súa muller. Debido a que o estado de saúde desta é bastante delicado, posiblemente a mellor opción sexa a reinserción destes nun Centro de Día. Quedamos en miralo conxuntamente coa Traballadora Social que lle pertence.

Este mesmo día ven ata Alcer o fillo dun paciente que é socio a pagar a cuota de 2012. Ademais aproveitamos para preguntarlle por o seu pai, xa que está facendo diálise na Fundación.

6. O día 10, a Traballadora Social de Alcer chama a traballadora social do Centro de Saúde de Mariñamansa para comentar a situación dun paciente que en días anteriores visitamos no seu domicilio. Póño-me en contacto coa Traballadora Social que lle pertence na Calle Colon (Verónica) para tratar a situación deste paciente de diálise peritoneal. A traballadora comunícame que o paciente faleceu o día 6 de Xaneiro. Posteriormente chamo os familiares para proporcionarlles apoio e dicirlles que poden contar con nós para o que necesiten.

O mesmo día fomos entregar a documentación necesaria para unha subvención.

7. **O día 11, as Traballadoras Sociais elaboran a historia social dun paciente de diálise peritoneal.**

8. O día 12, recibimos un correo de Ana Belen Martín, da Federación Nacional de Alcer para realizar o **IV congreso de Profesionais ALCER**, e dicir, iría dirixido para as Traballadoras Sociais de Alcer Ourense, en iste caso. As fechas propostas son a escoller entre os días 10-11 de Febreiro y 18- 19 de Febrero. Unha vez que o recibimos, puxémonos en contacto con Ana Belén, para informarnos do formato dareunión que será o seguinte:

- **Vernes 10 de febreiro do 2012:** Sesión conxunta de profesionais sobre a atención socio-sanitaria o enfermo renal crónico.

Inicio: 16:00 horas. Finalización 20:00 horas



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**- Sábado 11 de febrero de 2012:**

Sesions por disciplina profesional de atención o enfermo renal crónico.

Inicio: 10:00 horas. Finalización 14:00 horas.

O mesmo día, as Traballadoras Sociais tivemos atención social na sede de Alcer con dous pacientes que demandaban información sobre a distintas modalidades que existen na Ley de Dependencia e cómo poden facer para tramitar o recoñecemento do grado de discapacidade.

9. O día 13 recibimos un correo sobre un curso de Discapacidade intelectual e calidade de vida, del Plan de Formación de Voluntariado 2012, dirigido preferentemente ao persoal técnico e voluntarios das entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Xunta de Galicia..

O mesmo día, a nora dun paciente de hemodiálise, púxose en contacto coas Traballadoras Sociais para demandar o servizo de ambulancia do seu sogro, xa que según ela, saía da diálise bastante cansando e a súa familia non podía ir a levalo e recollelo a residencia. Xa que o estado de saúde do paciente, non presenta grandes deterioros informámoslle, que as ambulancias non prestan iste servizo a persoas que viven na cidade de Ourense e que ademáis non presentan un estado de saúde o suficientemente grave. Por outro lado, tamen, cabe a posibilidade de cambiar o turno de hemodiálise para que os seus familiares podar encargarse polo menos, de recollelo da residencia.

**10. Visita semanal aos paciente de diálise peritoneal e hemodiálise.**

11.O día 16 recibimos un correo da Federación Nacional de Alcer sobre un asunto moi grave da **DKMS** e os trasplantes en España, cuns menxases clave que consideran útiles para axudarnos a contestar aos periodistas a hora de responder preguntas posibles sobre iste tema. Dende Alcer, o que pretendemos e que as empresas privadas intenten romper a gratuidade e o altruismo co que funcionan os trasplantes en España. Por algo, e o millor sistema de trasplante do mundo.

Ese mesmo día, acude a nosa sede de Alcer, un paciente de hemodiálise interesado en facerse socio. Só coñece a Asociación a través das enfermeiras de Nefroloxía, foron éstas, as que lle aconsellaron falar con nos. As Traballadoras Sociais, informan sobre os servizos, actividades, recursos, ámbitos de actuación...





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

12. O día 17 as Traballadoras Sociais reciben unha chamada telefónica dun paciente ingresado, que nuns días comenza coa diálise peritoneal. Este paciente está preocupado, xa que a mutua chamouno para falar sobre a posible tramitación dunha incapacidade permanente absoluta. En días anteriores, a súa muller falara coas Traballadoras Sociais para pedirnos información sobre iste tema. Chamamos o INSS para informarnos sobre dita situación e dinos que se a mutua se encarga da tramitación da incapacidade do paciente, non fai falta nada máis.

O mesmo día, celébrase unha reunión da Xunta Directiva para tratar diversos temas que afectan ao futuro da Asociación de Alcer.

13. O día 18 o **Psicólogo Jose Luis Ascarza Bacariza, da Fundación renal**: Álvarez Íñigo de Toledo, ponse en contacto coas Traballadoras Sociais para pedirnos que interveñamos como ponentes nunhas xornadas que ten previstas celebrar o día 26 de Marzo en Verín de 17:00h- 20:00h e o día 17 de Abril no Barco de Valedoras a mesma hora.

O mesmo día, a enfermeira que leva a modalidade de diálise Peritoneal, púxose en contacto coas Traballadoras Sociais de Alcer para comunicarnos, que teñen un paciente de 17 anos que acaba de comezar a diálise. Sería convinte porse en contacto con iste, xa que pensa que pode estar interesado en coñecernos.

14. O día 19, as Traballadoras Sociais chaman a **OCT** para confirmar asistencia a unha reunión anual que se levará a cabo o día 7 de Febreiro, ás 12:00h en Santiago de Compostela. O tema a tratar será a Actividade de doazón e trasplante do 2011.

Acudirán a dita reunión dous membros da Xunta Directiva.

Ese mesmo día, as Traballadoras Sociais, elaboraron dúas historias sociais a dous pacientes novos que comezaron hemodiálise.

15. O día 20, a Asociación recibe por correo ordinario, unha carta da **Fundación La Caixa**, na que nos comunican, que fomos seleccionados nun proxecto de Acción Social, elaborado para a “Prevención da IRC, así como o apoio, orientación e atención a enfermos de IRC, e as súas familias. A cantidade otorgada por dita Fundación ascende a cantidade de 11.900 €.

A continuación, chamamos a fundación para preguntarlle que tiñamos que facer o respecto.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**16. Visita semanal por parte das Traballadoras Sociais os pacientes de diálise peritoneal e hemodiálise.**

17. O día 23 chamamos a La Caixa para falar co director do banco xa que temos pendente a firma do convenio polo proxecto seleccionado. Quedamos en que a firma deste será o día 1 de Febreiro as 11:00horas na sede da asociación, na que terá lugar unha roda de prensa.

Ese mesmo día chama a asociación un paciente de diálise peritoneal que quere información sobre os libros de alimentación que temos a disposición dende hai uns meses. Un compañeiro seu de hemodiálise comprouno hai uns días e comentoulle que estaba ben, enton está interesado. Queda en vir a buscalo na seguinte semana.

18. O día 24 chamamos a Alcer Coruña e falamos con Rafa, presidente e con Lola a Traballadora social para tratar o tema de cómo poder formar unha Federación de Alcer Galicia, xa que dito tema foi tratado con anterioridade nalgunhas reunións. Quedamos en pornos en contacto máis adiante.

Ese mesmo día visitanos un familiar dun paciente que está en Prediálisis para pedirnos información sobre o servizo de psicoloxía que ofrece a asociación. Falamos con il do prezo do servizo sempre contando con que o paciente sexa socio. Ademais, queda en vir por Alcer co paciente xa que lle parece moi axeitado que o paciente nos coñeza e trate con xente que se encontra co mesmo problema.

19. O día 25 as Traballadoras Sociais de Alcer, tratan o tema dunha paciente que teñen en hemodiálise. Ésta paciente leva un ano en diálise e soamente ten tres anos cotizados. Actualmente, non pode desempeñar ningunha actividade laboral, debido a que o seu estado de saúde é delicado. Non percibe ningunha prestación e economicamente ten dificultades. As Traballadoras Sociais informan sobre a existencia da PNC e do recoñecemento do grao de discapacidade. Chamámola para indicarlle que se pode dirixir os Servizos Sociais da Xunta para a tramitación destas prestacións.

Por outra parte, unha persoa, non paciente nin tampouco socio, visitou a Asociación para que lle informáramos onde podería dirixirse para que lle orientaran sobre a doazón de médula ósea, xa que él, ademais de ser doante de órganos en xeral, tamén estaba interesado en ser de médula ósea.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

20. O día 26, elaboráronse as cartas para a **Convocatoria da Asamblea Xeral Ordinaria e para Asamblea Xeral Extraordinaria**, que terá lugar o día 4 de Marzo o longo do traspaso da mañá. Abrirase un período para a presentación de candidaturas á presidencia e cargos da Xunta Directiva, dende o día 1 de Febreiro ata o día 17 do mesmo.

Por outra parte, dous pacientes de diálisis, acercáronse a Asociación para pagar a cuota anual de socios.

Tamén, un amigo dun paciente que está en diálisis, chamounos por teléfono para informarse de si existía a posibilidade de doarlle un de seus riles, a o que lle contestamos, que sí sería posible a doazón entre amigos, sempre que os médicos que levan a o paciente, valoren a situación e vexan que non existe problema ningún o respecto. Deben facerse as probas de compatibilidade entre o doante e o receptor ademais, dunha proba psicolóxica do receptor. Para doar un órgano, o doante, non necesariamente ten que ser familiar directo ou indirecto do receptor, basta con ser unha persoa que quera facelo voluntaria e solidariamente e sen coacción algunha, e que non teña ningún interese económico.

21. O día 27, as Traballadoras Sociais, chamaron a Santiago de Compostela a **Dirección e Promoción do Emprego** para verificar se lle chegara a documentación que lle enviamos sobre o Plan de Cooperación do 2008-2009.

Chamamos a Deputación para comprobar o estado da subvención que tiñamos recoñecida.

22. **Visita semanal por parte das Traballadoras Sociais os pacientes de diálise peritoneal e hemodiálise.**

23. O día 30, recibemos un correo de Loly Lorenzo no que se nos comunicaba información sobre o convite inauguración da edición **NºXIII da Feira de Xantar**, “Salón Galego de Gastronomía e Turismo” que terá lugar o día 1 de Febreiro as 13:00h no recinto Feiral de Expourense.

O cabo dun tempo, chamounos Meri, que é a responsable da organización de todas as feiras celebradas en Expourense para que lle confirmáramos a asistencia do presidente e de outros membros da Xunta Directiva a dita inauguración, e ademais, informounos tamén de que contábamos cun stand para a feria.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Por outro lado, as Traballadoras Sociais chamamos a enfermeira de diálise peritoneal, Beny, para que nos dese a relación dos pacientes que teñen revisión nas dúas vindeiras semanas co propósito de que puidésemos organizar o noso traballo, e así, facer as visitas e historiais correspondentes a eses pacientes.

Ese mesmo día, en nome do Presidente da Xunta de Galicia , Alberto Núñez Feijóo recibemos un correo de Rocío Mosquera Álvarez da Consellería de Sanidade para convidar a os membros de Alcer ao acto de presentación da **“Memoria Sergas: 20 anos de Camiño”**, que terá lugar o vindeiro luns, 6 de febreiro, ás 18:00h. no Palacio de Congressos e Exposición de Galicia en Santiago de Compostela.

24. O día 31, enviáronnos dende o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, un correo de Rafael Matesanz, director da Organización Nacional de trasplante (ONT) sobre a próxima **campaña de Doazón de órganos, texidos e células**. Esta campaña, implica unha participación activa de todos os programas informativos, magacines serios e presentadores máis coñecidos (Pedro Piqueras, David Cantero, Ana Rosa Quintana, María Teresa Campos, etc...) incluíndo en sus contidos , reportaxes sobre os distintos aspectos da doazón e Transplante, con entrevistas a pacientes transplantados, reportaxes sobre a súas actividades lúdicas e deportivas, actividades de asociacións de pacientes, casas de acollida, etc. A campaña, tamén inclúe un espacio propio en la web de TELE5, onde vanse invitar a xente a solicitar a tarxeta de doante. TELE5, fixo un novo deseño da tarxeta cos logos oficiais e mándanos os exemplares físicos para que a tarxeta pódase enviar directamente dende a ONT.

A creatividade da campaña é moi atractiva, sobre todo para a xente xoven e leva o lema “eres perfeto para outros”. A ONT, ten previsto contar cos responsables das distintas comunidades, profesionais da coordinación e transplantes e asociacións de pacientes para contribuír as labores da divulgación.

Dende a ONT informáronnos de mais detalles sobre a fecha da presentación, tanto en Madrid, como no resto de cidades españolas.

Por outra parte, os días 1, 2, 3, 4 e 5 de Febreiro celebrarase en **Expourense “Xantar”, Salón Galego de Gastronomía e Turismo** .

Fíxose unha organización para poder estar no stand da feira. Chamamos os colaboradores que pensamos que tiñan mellor dispoñibilidade para poder acudir e



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

ademais tamén algúns membros da Xunta Directiva. Así poderase proporcionar información da insuficiencia renal e da doazón que nos proporciona Expourense.

## **FEBREIRO**

1. O día 1 de Febreiro no salón de actos de Aixiña tivo lugar a firma do **convenio acordado coa Obra Social La Caixa** grazas a un proxecto de acción social presentado na convocatoria de 2011.

A este acto acudiron varios medios de comunicación ( Voz de Galicia, a TVG...).

Ademais ese mesmo día tivo lugar a inauguración de Xantar en Expourense, acto o cal estabamos convidados. Acoden a este acto e a colocación do stand varios membros da Xunta Directiva.

2. O día 2 as traballadoras sociais de Alcer programan facer unhas xornadas dirixidas os pacientes e familiares. Elaboran uns temas que lle parecen interesantes e ademais contan que participen nestas xornadas algúns ponentes, que consideran que poderían abarcar temas de actualidade en canto a insuficiencia renal crónica. Ademais pensamos que sería de interese concertar unha cita co Dr.. Otero, Xefe de Nefroloxía para que nos comente que opina o respecto.

Recibimos unha chamada telefónica dunha paciente de diálise peritoneal interesada no libro de alimentación. Pregúntanos como pode facer para conseguilo, xa que se atopa con dificultades para cocinar como é debido. Infórmolle que dispomos de el en Alcer e queda en vir por iste a semana que ven.

3. O día 3 as traballadoras sociais de Alcer chaman a unha paciente de hemodiálise que en días anteriores falaran con ela para proporcionarlle información sobre prestacións. Coméntame que xa o mirou pero que se atopa ingresada debido a un dor forte de espalda, estalle a facer probas. Atópoa desanimada polo cal, quedamos en visitala nestes días.

Ademais este día acercase ata a asociación un paciente de hemodiálise que quere facerse socio.

**4. Visita semanal os pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

5. O día 6, as Traballadoras Sociais acoden a un cita co Dr. Otero para tratar o tema citado con anterioridade sobre a realización dunhas **xornadas destinadas a pacientes e familiares**. Éste aconséllanos que fagamos unha mesa redonda donde os asistentes farán as preguntas que consideren oportunas para resolver as súas dúbidas. En dita mesa trataráanse dúas partes, por un lado, as distintas modalidades de diálise, nutrición, lista de espera ect, e por outra, o tema social, sobre prestacións, dereitos dos pacientes etc, e para elo, contaremos coa presenza de varios Médicos Nefrólogos do CHOU de Ourense e do CHUA da A Coruña, personal de enfermería, unha traballadora social da asociación de Alcer, o Psicólogo da Fundación Ínigo Álvarez de Toledo e por último será un enfermo transplantado, o que nos conte a su experiencia de vida como tal.

6. - O día 7, mandáronnos un correo da Federación Nacional de Alcer para comunicarnos unha **campaña** que teñen prevista levar a cabo os días 15 e 16 de Marzo sobre a **prevención da enfermidade Renal** nos Centros de Carrefour en toda España, neste caso, levaríase a cabo no Carrefour da nosa cidade.

A Federación, será a encargada de enviarnos todo o material necesario para levar a cabo dita campaña, proporcionando información a toda a poboación en xeral sobre esta problemática.

- Tres persoas da Asociación acudiron a **reunión anual coa OCT** en Santiago de Compostela coa finalidade de presentarnos a Actividade de Doazón e Transplante do ano 2011. A ela, acudiron, os membros das distintas Asociacións de Alcer Galicia, a excepción de Alcer Lugo.

Puidemos destacar en dita reunión, a presenza dunha parella que contounos a súa experiencia de duelo que sufriron e no momento en que o coordinador de transplantes sentouse fronte a eles, para pedirlle os órganos do seu fillo falecido.

7. O día 8, as Traballadoras Sociais da Asociación chamamos a Belén, Traballadora Social do Hospital Sta María Nai para comentarlle unha cuestión de moito interese e moi demandada por os pacientes de diálise. Trátase da posibilidade de ofrecerlle a os pacientes que o necesiten, unha plaza de aparcamento durante o tempo que lles leve facer a diálise.

Quedamos en volver a chamala a finais de iste mes para quedar coa xerente do Complexo Hospitalario de Ourense, Dona Eloína.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Puxémonos en contacto co Dtor Alfonso Otero, xefe de Nefroloxía do CHOU para que nos dese autorización e poder contar co persoal de enfermería da Fundación Renal Íñigo Álvarez de Toledo, para a celebración do Día Mundial do Ril. A continuación, chamamos a Conchi, supervisora de enfermería de dita Fundación para ver si poderíamos contar coa súa colaboración e na carpa, para levar a cabo a medición dos índices da glucosa, tensión arterial, e peso... a cal, díxonos que non habería ningún problema.

8. O día 9 escribimos unha instancia que en días posteriores levaremos ata o Concello para solicitar permiso para a colocación dunha **carpa o Día Mundial do Ril, 8 de Marzo.**

Ademais con esta, entregárase unha carta o Alcalde de Ourense e a Conselleira de Sanidade e Benestar Social, comunicando este evento e pedíndolle a colaboración para a inauguración de este día.

9. O día 10 chamamos a Faiskas, para que nos enviaran o presuposto de algunhas actividades que desenrolan. En anos anteriores contamos cunha persoa que facía globofexia no Día Mundial do Ril.

Este mesmo día chamáronnos as enfermeiras de peritoneal para comunicarnos que esta ingresada unha paciente que se dializaba ata o de agora na Fundación. Ademais pensan que pode interesarlle falar con nós para coñecer a Asociación. Posiblemente comece a semana que ven os adestramentos en diálise peritoneal. Quedamos en falar con ela a semana que ven.

- Chamamos a Seritec, xa que en días anteriores estivemos mirando **obsequios para entregar na carpa o Día Mundial do Ril.** Escollemos unha frase para incorporarlle o obsequio, quedan en dicirnos si é posible.

10. O día 13 as Traballadoras Sociais de Alcer Ourense reciben unha chamada telefónica de Roberto Ortiz da Federación Nacional para tratar temas da campaña de prevención sobre enfermidade renal nos centros Carrefour. Necesitaban ter o nome da persoa responsable do stand.

- Recibimos un correo de Toldos Ourense co presuposto para a carpa do Día Mundial do Ril. Enviámoslle por correo o presuposto aprobado e firmado.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

11. O día 14 as Traballadoras Sociais reciben unha chamada telefónica de Ana Belén Martín (Federación Nacional Alcer) sobre os medios de comunicación no Día Mundial do Ril. A Federación Nacional conta cun Gabinete de Prensa que se encarga de comunicarlle os periodistas os mensaxes sobre este día tan importante para todos.

Necesitan saber si estamos interesados en que o Gabinete de Prensa envíe unha nota de prensa os medios da nosa cidade ou si preferimos facelo nós mesmos.

- As traballadoras sociais de Alcer reciben un correo de Jose Luis Santos Ascarza-Bacariza para a confirmación de **asistencia a unhas xornadas en Verín da Fundación Renal**, o día 27 de Marzo as 17:00 horas. Acudirá a este acto a traballadora social de Alcer Ourense.

12. O día 15 as Traballadoras Sociais de Alcer reciben unha chamada telefónica do Concello sobre a instancia que presentamos anteriormente para a solicitude do permiso da colocación da carpa. Comunicánnos, que este ano non admiten carpas de 4X4, debido a esixencia de un maior nº de requisitos. Polo tanto, solicitamos unha de 3 X 6, xa que, o ancho non poder ser superior a 3.

Levaremos a o Concello a nova instancia, xunto coa correspondente documentación en días posteriores.

- Lalo Pavón, do **Programa Punto Crítico da canle de Telemiño**, púxose en contacto con nós para que lle confirmáramos a nosa colaboración no programa de debate para falar sobre o tema dos recortes sociais no que lles afecta as Asociacións.

13. O día 16, a filla dunha paciente que está en diálise peritoneal, acercouse por a Asociación par facer socia a súa nai.

Ademais, demandou información sobre a posibilidade de solicitar a valoración para coidados no entorno familiar por dependencia.

As Traballadoras Sociais, chamamos a **Asociación Diabética Auria**, para pedirllas a súa colaboración no caso de que fose preciso o préstamo do material necesario para a medición dos índices de glucosa en sangue.

Puxémonos en contacto tamén, coa supervisora de enfermería da **FRIAT**, para contar coa dispoñibilidade do persoal sanitario da Fundación para o Día Mundial do Ril.





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

14. O día 17, as Traballadoras Sociais de Alcer proporcionaron información a un paciente de prediálisis sobre os cuidados na alimentación e hixiene na enfermidade renal e das distintas modalidades de tratamento de diálise que existen.

Ademais este día chamamos o persoal sanitario de enfermería de Nefroloxía para que nos confirmen os pacientes que teñen a semana que ven e programar as visitas os pacientes.

Visita semanal os pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.

15. O día 20, as Traballadoras Sociais pónense en contacto co **Coordinador de Transplantes de CHUO**, Dr. Juan Cortes Cañones para que nos envíe por correo a charla sobre a doazón e transplante que vai dirixida a asociación de xordos de Ourense.

Posteriormente puxémonos en contacto coa asociación de xordos para que nos confirmasen se recibiran o correo.

16. O día 21, as Traballadoras Sociais pónense en contacto con Jose Benito de MAPFRE para que nos enviase por correo o seguro de responsabilidade civil xa que o Concello esíxeno para instalación dunha carpa no Día Mundial do Ril.

As Traballadoras Sociais de Alcer, reciben unha chamada telefónica da filla dunha persoa que fai diálise peritoneal para preguntarnos si a súa nai tería dereito algunhas prestacións, xa que actualmente teñen dificultades económicas.

A súa nai, ten soamente 2 anos de residencia, polo cal, non cumpriría os requisitos para acceder a Lei de Dependencia, PNC... xa que se esixen 5 anos.

A paciente, podería ter dereito a RAI, pero, non figura como demandante de emprego polo cal, terá que esperar como mínimo un ano para poder acceder a ela.

17. O día 22, recibimos un correo de **Faiscas** con información referente a dúas actividades, para levar a cabo o Día Mundial do Ril, xa que en días anteriores puxémonos en contacto con eles. As actividades propostas son: obradoiro de flores de papel e entrega dunha planta con flor. Este consiste en invitar as persoas a participar no obradoiro, para que elaboren a súa propia flor en papel. Todas aquelas persoas que participen recibirán unha plantiña.

A outra actividade e a globofexia.

Decidimos facer estas actividades no Día do Doante, xa que para o Día Mundial do Ril, entregaremos uns reloxos de sobremesa plegables con dous marcos de fotos.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

18. O día 23, as Traballadoras Sociais reciben unha chamada telefónica de Roberto Ortiz da Federación Nacional, persoa encargada da **campaña de prevención sobre enfermidade renal nos centros carrefour**. Pregúntanos si temos interese nos aneis e cantos quixeríamos. Pedimos 100.

Este mesmo día chamamos a David Gulias, membro da Xunta Directiva para recordarlle que mañá temos a charla na asociación de xordos.

19. O día 24, o Dr. Juan Cortes Cañones, Coordinador de Transplantes e David Gulias Rivas asistiron as 18:00 h a asociación de xordos a falar sobre a doazón de órganos e tecidos e a contar un testimonio de vida.

- As Traballadoras Sociais chamaron as enfermeiras de diálise peritoneal para saber a que pacientes tiñan que visitar a semana que ven.

#### **Visita semanal os pacientes de hemodiálise e diálise peritoneal.**

20. O día 27, as Traballadoras Sociais de Alcer Ourense, informan sobre a asociación e os servizos, a tres pacientes de diálise peritoneal que inda non nos coñecían. Proporcionámoslle a información que demandan e collemos os seus datos para a elaboración da Historia Social.

- Entrega de Seritec, por parte da empresa mensaxeira, dos obsequios que entregaremos as persoas que se acheguen ata a carpa o Día Mundial do Ril.

- Elaboración dun documento, solicitando a dispoñibilidade do salón de actos, para a celebración da Asamblea Xeral, o Domingo día 4 de Marzo.

21. O día 28, as Traballadoras Sociais, fixeron unha chamada telefónica a un paciente transplantado que permanece ingresado. Dámoslle animo e dicímoslle que conte con nós para todo o que precise.

- Tivo lugar unha reunión de Xunta Directiva, na cal se trataron temas que se van abordar o vindeiro Domingo día 4, na celebración da Asamblea Xeral.

22. O día 29, recibimos un correo de Expourense comunicándonos que temos un stand na feira **“19ª MOSTRA DA OPORTUNIDADE”**. Falamos con distintos socios e membros da Xunta Directiva para organizar os turnos no stand os días 2, 3 e 4 de Marzo.

- **Visita hospitalaria a unha paciente de hemodiálise**, que permanece ingresada dende uns días. Ponse en contacto coa asociación, e as Traballadoras Sociais desprázanse ata



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

onda ela para proporcionarlle animo, xa que está bastante desanimada coa súa situación de saúde. Ademais nas semanas anteriores, falamos de tramitar o grao de discapacidade, polo que aproveitamos para explicarlle sobre elo e outras prestacións as que pode ter dereito.

## MARZO

1. O día 1, acercase ata a Asociación unha socia para pagar a súa cuota de socia e a de unha compañeira. Ademais falamos con ela do seu estado de saúde, xa que está transplantada.

- Preparación de distintas cuestións no relativo a Asamblea ( impresión da Memoria das actividades realizadas no ano 2011, elaboración dun documento cun breve resume das actividades, para ler as persoas que asistan, impresión do resultado de perdas e ganancias do 2011...).

2. O día 2, recibimos unha chamada telefónica de Comercio e Industria, polo tema referente, a colocación da carpa na Calle do Paseo o Día Mundial do Ril. Comunicánnos que o Corpo de Policía xa deu a aprobación correspondente. Na próxima semana teremos que recoller a Licencia.

- Asistencia a **19ª Mostra da Oportunidade**, que terá lugar en Expourense os días 2, 3 e 4 de Marzo, en horario de 11:00- 21:00 horas.

3. O día 4, na sede social a Rúa da Farixa nº7 (Edificio AIXIÑA), celebrouse a Asamblea Ordinaria. Convocáronse **ELECCIÓNS XERAIS por motivo da renovación da presidencia e cargos da Xunta Directiva mediante a celebración da Asamblea EXTRAORDINARIA.**

4. O día 5, recibimos unha chamada da Federación Nacional para comunicarnos que xa podemos pornos en contacto co director do Carrefour, para organizar conxuntamente a Campaña de Prevención sobre Enfermidade Renal.

- Chamada telefónica os medios de comunicación para informarlles da celebración do Día Mundial do Ril. Posteriormente elaboramos unha nota de prensa para enviar os medios.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Recibimos unha chamada telefónica da Secretaria (Bibi) da Concelleira de Benestar Social, Dona Marga Martín. En días anteriores envióuselle unha carta para comunicarlle o acto que se celebrará este Xoves e saber así, se poderían asistir a inauguración. O motivo da chamada é porque ese mesmo día as 12:00 horas teñen que asistir a inauguración de outro acto no Concello de Ourense. Polo tanto, cambiamos o horario da inauguración do Día Mundial do Ril para as 13:00 horas.

5. O día 6, as Traballadoras Sociais de Alcer Ourense, recibimos un correo de Jose Luis Santos Ascarza-Bacariza (Psicólogo da Fundación Renal Iñigo Álvarez de Toledo) recordándonos as **III Xornadas Coidados en Saúde Renal** que se celebrarán en Verín o día 27 de Marzo as 17:00 horas. Ademais tamén nos envía a documentación (power point) co que dará a ponencia ese mesmo día.

6. O día 7, chamamos a Toldos Ourense, para recordarlles que mañá teñen que instalarnos a carpa na Rúa do Paseo.

- Envío de Nota de Prensa a Aixiña, para comunicarlles se é posible a difusión na súa páxina web da celebración do Día Mundial do Ril.

- As Traballadoras Socias chaman a Asociación Diabética Auria. Comunicannos, que mañá achegarase ata a carpa algún membro da Xunta Directiva da asociación, para axudarnos no que precisemos.

7. Día 8, **Celebración do Día Mundial do Ril**. Instalamos unha carpa na Rúa do Paseo en horario de 10:00 a 14:00 horas de mañá e de 16:00 a 19:30 horas de tarde. O lema dese día é “Doa os teus riles para recibir vida”.

A inauguración da mesma tivo lugar as 13:00 horas, contando coa colaboración de D. Francisco Rodríguez, Alcalde de Ourense e de Dona Marga Martín, Concelleira de Benestar Social.

Realizáronse as seguintes probas: medición peso e talla, tensión arterial e glucosa a toda a poboación, que se achegou ata a nosa carpa informativa.

8. O día 9, as Traballadoras Sociais de Alcer, organizaron diversos temas da Campaña de Prevención sobre Enfermidade Renal, que se celebrará en Carrefour os días 15 e 16 de Marzo.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Por unha parte, elaborouse a Nota de Prensa sobre as distintas actividades que se levarán a cabo nestes días. Co lema de “ No dejes que tus riñones rompan tu corazón”, enviaremos esta nota os distintos medios para a súa difusión.
- Organización do voluntariado que colaborará na mesa informativa eses días.
- Explicación a todos os participantes das instrucións a seguir para dita Campaña de Prevención da saúde cardio-renal.

### 9. Visita semanal os pacientes de diálisis peritoneal e hemodiálisis.

10. O día 12, púxose en contacto coa Asociación Marta (OCT), para preguntarnos se este ano acoderíamos a feira de Galisenior, xa que eles non poden asistir. Quedamos en confirmarlles a nosa asistencia.

-As Traballadoras Socias de Alcer elaboraron unhas táboas cos resultados dos datos sobre obtidos o Día Mundial do Ril (idade, peso, glucemia, tensión arterial).

- Información e asesoramento a unha paciente que leva dous meses na modalidade de diálise peritoneal. Fíxose socia de Alcer e quedamos de visitala o día da súa próxima revisión en Nefroloxía, é dicir, o 10 de abril.

11. O día 13, xegou un correo electrónico para solicitar o Plan de Cooperación de este ano 2012.

12. O día 14, as Traballadoras Sociais solicitaron na páxina de Ceres o código para obter a certificación electrónica e poder así acceder a solicitude orixinal do Plan de Cooperación.

13. O día 15, o Presidente da Asociación, David Gulias Rivas, levou o número de código e o do seu DNI o Ministerio de Facenda, para obter a certificación electrónica.

-Leváronse tarxetas de doantes a Correos, que se fixeron o Día Mundial do Ril, para que posteriormente a OCT lles envíe a tarxeta o domicilio das persoas que así o solicitaron.

- Chamada telefónica os medios de comunicación (Telemiño, TVG, Región, Voz de Galicia) para confirmar asistencia o evento

- Comezo da **Campaña**, en horario de 10:00 a 14:00h e de 17:00 a 21:00h sobre a **Prevención da Enfermidade Renal no Centro de Carrefour de Ourense.**

As 10:00h os voluntarios de Alcer de Ourense, tivemos o primeiro contacto cos representantes do centro de Carrefour para organizar a Campaña que leva por lema “Non deixes que os teus riles rompan o corazón”.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

A finalidade é concienciar a toda a poboación en xeral, sobre a importancia da saúde cardio-renal, xa que os riles e o corazón forman no noso corpo un triángulo de ouro.

As actividades levadas a cabo, a toda xente que se acercou ata a nosa mesa informativa, foron as seguintes: obsequio duns aneis, que representan a simboloxía da campaña, a cambio, de que estas persoas aportaran unha pequena frase solidaria que colocamos nun panel. O obxectivo deste, é lograr o maior número de fotos de mans solidarias que leven os aneis.

15. O día 16, os voluntarios da Asociación continuaron ca campaña. O finalizar o día fixemos un recuento das mans solidarias lográndose un total de 60.

Os medios que acudiron foron: La Región, La Voz de Galicia.

Visita semanal os pacientes de hemodiálise e de diálise peritoneal.

16. O día 19, as Traballadoras Sociais reciben unha chamada telefónica dunha persoa que vive en Vigo, para dicirnos que consultou a nosa páxina web e está interesada no libro de alimentación. Quedamos en enviárllelo por correo ordinario.

- As Traballadoras Sociais elaboraron un power point para as charlas que terán lugar no Barco de Valdeorras e Verín. A próxima semana, o día 27 as 17:00h varios membros da Xunta Directiva acudirán a estas xornadas en Verín.

17. O día 20, recibimos un correo da Federación Nacional Alcer para asistir o Presidente ou algún membro da Xunta Directiva, a Asamblea Xeral os días 30 e 31 de Marzo en Madrid.

- Recibimos unha carta por correo ordinaria da Consellería de Saúde ( Marga Martín ) para comunicarnos que, o día martes 27 de Marzo as 18:30h terá lugar unha reunión de asociacións de saúde para debater en torno a conmemoración do vindeiro Día Mundial da Saúde 2012, no Salón de Plenos do Concello de Ourense.

- Incorporouse a certificación electrónica na páxina de Ceres.

18. O día 21, recibimos un correo ordinario da Concellería de Benestar Social, para comunicarnos a asistencia á reunión de asociacións de Saúde, para debater en torno a conmemoración do vindeiro **Día Mundial da Saúde 2012**, no **SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE OURENSE**, o martes 27 de MARZO, ás 18:30h. Asistirán o Presidente, David Gulias Rivas e a Vicepresidenta, Pili Suárez.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- A Federación Nacional comunicánnos que os días 30 e 31 celébrase a Asamblea Xeral. A ela asistirá un membro da Xunta Directiva.

19. O día 22, elaboramos un certificado para a Asamblea coa persoa que representara a Asociación firmado polo Presidente e o Secretario.

Chamamos un paciente de diálise peritoneal, para comunicarnos que o seu estado de saúde empeorou notablemente nas últimas semanas. Ten dificultades de mobilidade polo que quedo en mirarlle que se lle recoñeza de novo o grao de discapacidade por empeoramento. Ademais seríalle de gran axuda a tarxeta de aparcamento.

20. O día 23, as Traballadoras Sociais de Alcer chamaron a enfermeira de diálise peritoneal para programar as visitas para a semana que vén.

Ademais ese mesmo día chamounos un socio para preguntarlle se recibira a carta da cita para pasar revisión para o grao de discapacidade.

**-Visita semanal os pacientes de diálise.**

21. O día 26, puxémonos en contacto con varios organismos, para que nos indicasen a maneira de presentar a documentación relativa a modificación da Xunta Directiva.

Posteriormente, cubríronse as instancias correspondentes e o certificado no que constan os membros da Xunta saínte, e os da entrante.

As Traballadoras Sociais cubriron novas historias de catro pacientes que fan diálise peritoneal.

22. O día 27, falamos coa Traballadora Social do Concello de Esgos para comentarlle como estaba o tema da dependencia dun socio que fai hemodiálise no CHUO. Díxonos que xa estaba solucionado, e que lle recoñeceron grao 3, nivel 1. Quedamos en facer un seguimento conxunto coa Traballadora Social de Base.

Varios membros de Xunta Directiva, acudimos as segundas Xornadas sobre coidados en Saúde Renal, organizadas pola Fundación Íñigo Álvarez de Toledo. Estas xornadas tiveron lugar no Hospital de Verín en horario de 17:00h a 19:30.

A Traballadora Social de Alcer, deu unha ponencia baseada nos recursos e servizos sociais cos que conta a Asociación.

23. O día 28, tivemos a visita dun socio e novo membro da Xunta Directiva de Alcer, que fai hemodiálise no CHOU.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Tamén contamos ca presenza dunha persoa que estaba interesada en facerse doante de órganos e tecidos.

24. O día 29, as Traballadoras Sociais cumprimentan parte da solicitude **subvención para órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro** que contraten traballadores desempregados para a realización de servizos de interese xeral e social. Publicada no Doga Número 50, o día 12 de Marzo de 2012, polo que dispomos de un mes para entregala.

- Un membro da Xunta Directiva, leva a Correos o libro de alimentación que nos demandaron dende Vigo.

25. O día 30, as Traballadoras Socias de Alcer chamaron a Fundación Romanillos, Obra Social Caja Madrid e a Ibercaixa para preguntarlles as fechas das convocatorias de proxectos de acción social.

- Cumprimentase a inscrición de modificación da Xunta Directiva xunto co certificado da acta da Asamblea Extraordinaria na que constan os membros da Xunta Saínte e da Xunta Entrante. Entregarase nas próximas semanas xunto coas actas na Consellería de Presidencia Administracións públicas e Xustiza, na área de asociacións.

- Os días 30 e 31 a Traballadora Social, Rosa Iglesias de Dios asistiu a Asamblea Xeral da Federación Nacional Alcer en Madrid.

## **ABRIL**

1. O día 2, as Traballadoras Sociais, resoven unha consulta dunha persoa que é socia de Alcer. Quere informarse sobre as distintas prestacións as que pode ter dereito como paciente transplantada. Asesoramos e orientamos e queda en pórse en contacto coa Asociación unha vez que consulte certas cuestións.

- Cumprimentase a **instancia sobre a actividade PASEO POLA SAÚDE 2012**. Nestes días teremos que levalo o Concello.

- A Traballadora Social, Rosa Iglesias, elaborou un resumo de todo o exposto na Asemblea Xeral da Federación Nacional celebrada en Madrid (programas, servizos,...)





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

2. O día 3, as Traballadoras Sociais, puxémonos en contacto coa nai dun neno que é paciente renal, para poder acordar unha cita con el, coa finalidade de comprobar a situación de ambos, xa que lle xurdiron, certos problemas con algúns compañeiros e profesores, no seu colexio das Lagoas.

Logo, acudimos ao Centro Hospitalario, o CHUO, para visitar a devandito paciente de 17 anos de idade, que está baixo tratamento de diálise peritoneal, para facerlle a súa correspondente Historia e Informe Social.

3. O día 4, entregamos no Concello de Ourense, a instancia cuberta para levar a cabo a actividade anual do “ Paseo pola Saúde”.

- As Traballadoras Sociais, fixeron unha visita hospitalaria a unha paciente renal, que se dializa no seu domicilio, baixo a modalidade de diálises peritoneal a cal, acudiu en días anteriores á Asociación porque tomara a decisión de facerse socia.

-Elaborar a Historia e Informe Social de dita paciente.

4. O día 9 , as Traballadoras Sociais cubriron e enviaron o **Plan de Cooperación do 2012** á Plataforma da Xunta de Galicia.

-As Traballadoras Sociais, pretendemos, nos próximos días, facer visitas aos pacientes de hemodiálise tanto de Verín coma do Barco de Valdeorras.

-Para iso, puxémonos en contacto co Dr.Señarís, Nefrólogo do Centro Hospitalario de Verín(Ourense), para coñecer o horario das quendas de hemodiálise e o número de pacientes que hai en cada un de eles.

9. O día 11, achegouse ata a Asociación, un mozo paciente que iniciou recentemente diálise peritoneal, e a súa nai, para ver si podíalle solicitar o grado de discapacidade.

A T. S, cubriulle os papeis para levalos á Xunta.

- Discafis Ourense, enviou unha circular, informando de que se abría o prazo para un curso de formación de tenis adaptado a persoas con discapacidade.

- O día 15, a T.S, chamou a varios pacientes con certificado de discapacidade, para ver si estaban interesados en ir ás clases de tenis adaptado.

Apuntáronse tres acodes.

11. O día 16, volveu visitarnos un paciente que veu o día 11, para que a T.S fixésele a **derivación para Atención Psicolóxica (Fernanda, de Discafis- Cogami)**.

Para iso, fíxoselle un informe social ao paciente, achegando a documentación necesaria para enviarlla á T.S de Discafis- Cogami.

Comentóuselle ao paciente, que si lle interesaba traballar, unha vez recibido o certificado de discapacidade, derivaríalle a COGAMI para a procura de emprego.

12. Ou día 17, a T.S , ponse en contacto coa Directora do Camping de Untes, para que lle dunha resposta sobre si Alcer pode contar con tres bungalow máis para o aloxamento dos nenos do Proxecto Crece que lle vai a levar a cabo o próximo ano.

Rosa Carreira (Directora), comentounos, que aínda non sabía si concederíanllo, quedou en chamarnos cando tivese unha resposta.

- A T.S, continúa traballando coa subvención do Concello.

13. Ou día 18, a T.S termina a subvención do Convenio entre Alcer e o Concello.

- Valórase a posibilidade doutros hoteis para as XV Xornadas Nacionais de Alcer e da solicitude da Tarxeta Dourada para economizar a viaxe de devanditas Xornadas.

14. Ou día 19, a T.S, termina a xustificación da subvención de Voluntariado.

Lévase toda a Documentación das Subvencións ao Concello e á Casa de chocolate.





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

A T.S, ponse en contacto con distintos colexios, como posible alternativa como lugar de aloxamento e manutención, para os nenos que veñan a Ourense de vacacións socioeducativas polo Proxecto Crece.

O día 22, a T.S ponse en contacto telefónico da gestoría de Sercón para que nos envíe unha documentación requirida pola Xunta de Galicia, da Consellería de Traballo e Benestar Social (Dirección Xeral de Promoción do Emprego). O 2º e Terceiro Trimestre do 2012 de Facenda e o resumo anual do 2010 de Facenda, modelo 190 do IRPF.

Empezamos a traballar na Cea anual do Magosto deste ano 2012.

#### 16. O día 23, **realízase visita os pacientes de diálise, por parte dá Traballadora Social.**

La Federación Nacional de Alcer, envíanos un escrito informándonos de que o Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad presentou o pasado martes 16 de Outubro a “Estrategia Nacional para enfermos renales crónicos” , que consta de 20 obxetivos e mais de 100 recomendacións. Desde a Federación mantívose fai un par de semanas unha reunión coa Subdirección General de Calidad y Cohesión , que é a encargada de esta Estrategia, e acompañados pola Sociedad Española de Nefrología, para promover un Plan Preventivo específico para enfermidades renales.

17. O día 24, DISCAFIS-COGAMI enviounos por correo un escrito sobre un taller interno de formación sobre comunicación, impartido por Cristina Pet Canto. Licenciada en Xornalismo pola USC e actualmente Técnica de Comunicación de COGAMI. Dirixido ó presidente e unha traballadora da asociación.

- Discafis-Cogami enviounos un correo informándonos sobre a IX Convocatoria do Premio ABC Solidario para axudas a proxectos e entidades sociais e os XX Premios Telva a proxecto solidario.

18. O día 25, a Federación Nacional Alcer remitiunos un correo referido ó copago do transporte sanitario, no que di que o copago do transporte sanitario non urxente non afectará a aqueles pacientes que “por prescripción facultativa” deban ser trasladados a un centro sanitario para recibir un tratamento “periódico e ilimitado no tempo”, caso dos enfermos renales que estean sometidos a diálise. Coa reforma aprobada polo Ministerio o pasado mes de abril, o transporte sanitario non urxente pasou a formar parte



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

da Cartera de Servicios Suplementaria del Sistema Nacional de Salud (SNS), junto a prestación farmacéutica, ortoprotésica y dietoterápica.

19. O día 26, chamounos unha paciente que está en diálise peritoneal para pedir información sobre alimentación na enfermidade renal.

- Tramitouse o grado de discapacidade a un paciente que está á tratamento de hemodiálise no CHUO.

20. O día 29, a Traballadora Social traballou no Proxecto Crece.

- Un paciente de prediálise chamou á asociación para solicitar a dependencia.

21. O día 30, a TS envioulle á Xerencia do CHUO un correo electrónico para pedirlle unha cita para falar sobre o Proxecto Crece.

- Recibiuse a carta de resolución do Plan de Cooperación correspondente ó ano 2012/2013.

22. O día 31, A TS acercouse ata o balneario de Laias para pedir información ó responsable sobre a disponibilidad de aloxamento e manutención para dito proxecto.

## **NOVEMBRO**

1. O día 5 de Novembro o SPEE, (Servicio Público de Empleo Estatal), enviánnos por correo electrónico a selección das candidatas a optar ó posto de traballo ofertado por a Consellería de Traballo e Benestar (Dirección Xeral de Promoción do Emprego) para o Plan de Cooperación 2012/2013.

- Chámase por teléfono a ditas candidatas para concertar as correspondentes entrevistas esa mesma tarde.

2. O día 6 , o presidente da asociación ponse en contacto telefónico coa Traballadora Social que resultou finalmente elexida para desenrolar o traballo.

3. O Dia 7 Novembro, a Traballadora social realizou xestións pola contratación da nova traballadora social mediante os plans de cooperación, chamando a xestoría Sercón para subsanar erros existentes no contrato.

Asimesmo, reuniu a documentación necesaria para entregar á Xunta, faltando soamente a foto do cartel dos plans de cooperación. Por este motivo chamouse a Oficode para



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

tentar saber cando estaría dispoñible o devandito cartel para poder xuntar toda a documentación e entregala no Rexistro da Xunta.

-Recibiuse a chamada dun paciente de Vigo que está en prediálise que en principio desexaba coñecer se existía Asociación de Alcer en Vigo ou na provincia de Pontevedra, informóuselle de que non existía Alcer Pontevedra, pero que sí dispuña da nosa oficina e que se lle atendería persoalmente polas mañás. Contesta que intentaría vir

4. Dia 8 novembro, a traballadora social reunese co Dr. Otero (jefe de Nefroloxía do CHUO) para pedirle permiso e colaboración ó Servizo de Nefroloxía para levar a cabo o Proxecto Crece. Mais tarde, o presidente e a Traballadora social reúnense co alcalde para pedirle tamén a súa colaboración en dito proxecto.

-Faise unha chamada a Sercón para comprobar se xa está listo o contrato para poder ser firmado.

Recibiuse un correo electrónico do Director da Organización Nacional de Trasplantes, remitindo o texto da proposición non de lei “de apoio e impulso do modelo estatal de donacións e transplantes”

Pola tarde, a traballadora social realiza xestións relacionadas coa recollida do cartel dos plans de cooperación chamando a Oficode.

5. Dia 9 Novembro, recibese un correo electrónico de DICAFIS-COGAMI, sobre a convocatoria do V premio INTEGRA de fomento de emprego para persoas con discapacidade, de BBVA.

-O tesoreiro trae ó despacho o cartel dos plans de cooperación

- A TS e o presidente acoden á xestoría para firmar o contrato

6. Dia 12 Novembro, a TS realiza un pago en Nova caixa Galicia e leva o xustificante á xestoría, onde tamén lle entregan os TC2 e arranxan unha errata no contrato (faltaba por poñer que é un convenio da Xunta de Galicia, programas de cooperación institucionales) Logo entrega toda a documentación relativa ó Coopera 2012/2013 no Rexistro da Xunta de Galicia.

7. Dia 13 Novembro, recibíuse un correo de Discafis-Cogami no que se nos informa da visita dos alumnos do Instituto Portovello que cursan o ciclo de Integración Social ó edificio de Aixiña. Ofrécesenos a tódalas asociacións a oportunidade de facer unha pequena charla explicando a labor da nosa entidade.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

-A Traballadora Social realiza tarxetas de invitación para personalidades de cara á cea do Magosto.

8. Día 14 Novembro, realizanse chamadas ós socios de Alcer para recordarlles a celebración da cea do Magosto.

-Recíbese unha chamada dunha usuaria que desexa doar o seu corpo. Reúnese a información para enviarsella posteriormente.

- Recíbese un correo electrónico da Fundación Barrié referente ó programa Mas Social, que pretende axudar ás entidades prestadoras de servizos sociais galegas a mellorar a súa sustentabilidade. El programa, a través de tres opcións diferentes, facilita financiación para a contratación de xestores, consultoría e/ou formación, todo isto orientado fundamentalmente cara a mellora na captación de fondos.

- Recíbese un correo electrónico de Alcer Navarra informándonos da creación dunha nova páxina web, así coma a creación de perfís nas redes sociais Facebook e Twitter.

9. Día 15 Novembro, recíbese un correo electrónico de Alcer Segovia por mor do día do donante universitario, no que nos envían unha noticia relacionada falando da consecución dun centear de carnet de doantes por parte dos voluntarios de Alcer Segovia no Campus Universitario María Zambrano.

- A TS recibe unha chamada de Rafael, de Alcer Coruña, no que explica que a reunión prevista en Santiago esta mesma tarde sobre a **Federación Galega de Alcer** ten que suspenderse.

- Recíbese un correo electrónico de parte de Discafis-Cogami, no que nos informa que a través da Fundación Iberdrola temos a oportunidade de facer unha visita á cidade da Cultura o sábado día 1 de decembro, que inclúe a visita guiada á cidade, ás mostras e exposicións, así como un almuerzo tipo pícnic.

- Recíbese unha circular de Discafis-Cogami, na que nos anuncia a convocatoria Proxecto Impulso do Banco Popular. Financian proxectos sociais dirixidos a formación ocupacional-laboral de persoas con discapacidade. Tamén nos explica que os días, 11,12 e 13 de decembro a asociación Renacer vai a facer un mercadillo solidario e invítannos a participar, ademais de que a asociación Aodem ten a venda rifas para dúas cestas de Nadal.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Recíbese un correo electrónico da Subdirectora Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial (Mercedes Carreras Viñas) informando da celebración da reunión en relación ó Proxecto Crece., que terá lugar o día 28 de novembro ás 12:00 horas na Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, a cal tamén asistirán a Xerente do Área Sanitaria de Ourense, o Xefe do Servizo de Nefroloxía e as supervisoras de enfermería das Unidades Asistenciais de Nefroloxía. Mándase un correo electrónico confirmando a nosa asistencia a dita reunión.

10. Día 16 Novembro, realízanse chamadas ós socios para confirmar a súa asistencia á cea do Magosto.

- A Traballadora Social realiza chamadas a diferentes supermercados para mercar produtos das cestas de Nadal que se sortearán na cea de Magosto. Finalmente optouse por Supermercado Gadis do Centro Comercial Pontevella, porque ademais confeccionan as cestas e as levan ó centro.

11. O día 19 Novembro, chamamos a la usuaria que contactou a semana pasada con motivo de solicitar información sobre a donación de corpo para a investigación. Informámoslle sobre este proceso e a documentación que debe aportar.

- O Presidente da asociación recibe unha carta da Subdelegación de Goberno, invitándonos a participar no acto público de conmemoración do XXXIV aniversario da Constitución Española, que terá lugar o vindeiro 6 de decembro, ás 12.00 horas, no Auditorio Municipal de Ourense.

12. O día 20 Novembro, recibimos un correo de Cogami no que se nos remite o borrador do código ético para a realización dunha Guía de Boas prácticas e un regulamento de réxime interno para todo o movemento asociativo de COGAMI. Asimesmo explícanos como facer para enviar as nosas suxestións e achegas de cara a realización do documento final.

13. O día 21, convócase unha reunión da Xunta Directiva que terá lugar no edificio de Aixiña no aula de Cogami ás 11.00h.AM.

- Recibiuse un correo de Cogami informándonos dunha marcha convocada polo CERMI Estatal, baixo o lema 'SOS Discapacidade – Dereitos, Inclusión e Benestar a salvo'



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

O CERMI Galicia únese á gran marcha convocada en Madrid para defender os dereitos da discapacidade

Está previsto que miles de persoas con discapacidade e as súas familias saian á rúa o próximo día 2 de decembro, a partir das 12 horas, no marco do Día Internacional e Europeo da Discapacidade (3 de decembro).

As persoas interesadas en acudir deben enviar a súa confirmación ó seguinte correo: [correo@cogami.es](mailto:correo@cogami.es), o mais tardar este venres un correo indicando as persoas participantes e se utilizan cadeira ou non.

**- Dado que por motivos diversos foi necesario pospoñer a reunión para a constitución da Federación de Alcer Galicia, convócase de novo dita reunión para o vindeiro xoves 29/11 ás 17:00 no local de reunións de Cogami en Santiago.**

14. O día 22, realizamos a listaxe definitiva das persoas que acudirán a cea de Magosto.

- Recibimos un correo da ONT (Organización Nacional de Transplantes) informándonos da organización do Simposio “ El transplante en los tiempos de crisis” o día 4 de decembro na sede da Fundación Mutua Madrileña.

- A Xunta Directiva decidiu que o próximo luns comezarán de novo as visitas ós pacientes que están en diálise.

15. O día 23, recibimos un correo da ONT (Organización Nacional de Transplantes) no que se nos envía o programa definitivo do Simposio “ El transplante en los tiempos de crisis”

16. O día 26 a TS e o presidente acoden ó Concello a firmar o Convenio.

- Recibimos un correo de Voluntariado Galego informándonos da realización dunha Xornada sobre o uso das redes sociais e a web 2.0 nas organizacións sociais.

17. O día 27, a TS e o Presidente acuden á xestoría Sercón para recoller o contrato para xustificar a subvención dos Plans de Cooperación (faltaba recoller o salario da Traballadora Social no contrato)

- A Traballadora Social e o Tesoreiro realizan xestións de cara a xustificación da subvención da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

-Confirmamos a asistencia na charla que se dará no edificio de Aixiña para os alumnos do ciclo de Integración Social do Instituto Portovello, para explicar brevemente en qué consiste á labor da nosa entidade.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

18. O día 28 a Traballadora Social rexistra na Xunta os documentos que faltaban para a Xustificación dos Plans de Cooperación (contrato de traballo e IDC)

- Os tesoreiros relizan xestións `para a xustificación da subvención da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

- Recibimos unha circular de Discafis- Cogami, no que se nos informa dos Premios sociais 2012 de Fundación Mapfre.

**-A TS de Alcer Ourense e Coordinadora do Proxecto Crece** acudiu a unha reunión na Fundación San Rosendo con **Javier Soto (Xerente de Caldaría)** para pedirlle a súa **colaboración no aloxamento e manutención dos nenos que veñan á cidade de Ourense** a pasar as vacacións de verán no Proxecto Crece no Balneario de Laias.

**- A TS de Alcer Ourense e coordinadora do Proxecto Crece acudiu en compañía do Presidente de dita Asociación á reunión convocada por Mercedes Carreras Viñas (Subdirectora Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial) para que exista conformidade institucional co Servizo de Nefroloxía, o CHUO e a Consellería en relación a dito Proxecto.**

**A reunión tivo lugar na Xerencia** do Edificio Administrativo do CHUO ás 12:00h. Acudiron a dita reunión : Eloína Nuñez (Xerente do CHUO), Dr. Alfonso Otero (Xefe de Nefroloxía do CHUO) , Dr. Iglesias (Director Médico do CHUO), Subdirectora Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial, Directora de Enfermería do CHUO, Subdirectora de Enfermería do CHUO, Tere (enfermeira de prediálise), Fina (Supervisora de Enfermería do Servizo de Nefroloxía do CHUO) Juan Carlos Julián (Coordinador Xeral da Federación Nacional Alcer), David Gulías Rivas (Presidente de Alcer Ourense), Rosa Iglesias (Traballadora Social e Coordinadora do Proxecto Crece).

**Alcer Ourense conta cá plena colaboración do Servizo de Nefroloxía do CHUO e da Consellería.**

19. **O día 29, o Presidente e o 5º Vocal da Xunta Directiva da Asociación acudiron á reunión que tivo lugar no Centro de Cogami en Santiago de Compostela, con motivo da creación definitiva da Federación Galega de Alcer.**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- **A coordinadora do Proxecto Crece visitou a Escola de Hostelería de Vilamarín e o Balneario de Laias co propósito de que fixeran un orzamento para o aloxamento e manutención dos nenos participantes en devandito proxecto.**

**20. O día 30, o Presidente e a Traballadora Social acudiron ó acto que tivo lugar no Concello de Ourense para recoller o Convenio existente entre Alcer e a Concellería de Benestar Social. Estivo presidido polo Alcalde de Ourense, Agustín Fernández e a Concelleira de Políticas Sociais, Marga Martín.**

- A Traballadora Social presentou a documentación para a xustificación de dito Convenio no rexistro Xeral do Concello de Ourense.

- Púxose en contacto telefónico unha rapaza, socia de Alcer Ourense, para solicitar información relativa ás axudas económicas ás que tería dereito.

## **DECEMBRO**

**1. O día 3, A Traballadora Social visitou o Hotel AC ubicado na localidade de Allariz (Ourense), cá finalidade da elaboración dun orzamento para o aloxamento e manutención dos nenos participantes do Proxecto Crece.**

Queda pendente o envío dun correo electrónico para confirmar a dispoñibilidade das instalacións para as datas previstas da celebración do Proxecto e as prazas dispoñibles (en principio contan con 54 prazas).

2. O día 4, chamamos por teléfono á socia que nos solicitou información sobre as prestacións as que tería dereito. Comentámoslle que actualmente non tería dereito a axudas sociais.

3. O día 5, recibimos un correo da Federación Nacional iformándonos das viaxes en cruceiro con hemodiálise previstos en 2013, para infórmalles ós socios e pacientes de hemodiálise. A bordo lles acompañarán en todo momento 1 nefrólogo e 3 enfermeiros/as especializados en nefroloxía, os monitores de diálise e o material de Fresenius Medical Care.

- **As Traballadoras Sociais realizan un escrito solicitando ó Delegado da Xunta (Don Rogelio Martínez) unha reunión cá Coordinadora do Proxecto Crece para informarlle da realización de dito proxecto na cidade de Ourense.**





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

4. O día 10, as Traballadoras Sociais realizan xestións de cara a xustificación da subvención da Obra Social La Caixa, facendo á memoria xustificativa.

5. O día 11, as Traballadoras Sociais realizan xestións relacionadas co Proxecto Crece, enviando correos electrónicos cas fotos das instalacións da Universidade Laboral. Enviáronse correos á Federación Nacional, Dr.. Otero (Xefe de Nefroloxía do CHUO) e o Dr., Iglesias (Director Médico do CHUO)

6. O día 12, **recibimos resposta da Federación Nacional con respecto á ubicación do Proxecto Crece, declarando que as instalacións da universidade Laboral parecen adecuadas para a realización de dito proxecto.**

7. O día 13, recibimos por parte da Federación Nacional de Alcer dous correos electrónicos con motivo do copago de transporte de ambulancias para pacientes con IRC que teñen que desprazarse para realizar hemodiálise.

Segundo estes correos, de acordo cás últimas noticias aparecidas nos medios de comunicación, **O Goberno de España pretende levar á próxima reunión do Consello Interterritorial unha proposta do Real Decreto na que se establece o copago para os pacientes que utilicen transporte sanitario non urxente.**

Este borrador determina que os pacientes en tratamento de hemodiálise estarán suxeitos a copago en determinadas circunstancias e en función da súa renda, e que para o noso colectivo cifrase entre 10 y 60 euros semestrais.

Dado que esta redacción, que levarase ó Consello eo próximo 20 de decembro **incumpre o prometido polo Goberno** ós representantes da nosa entidade, dende a Federación vanse a realizar as oportunas medidas de presión, especialmente nos medios de comunicación.

- As Traballadoras Sociais realizan xestións de cara a xustificación da subvención da Deputación.

8. **O día 14, realizase contacto telefónico co Director da Universidade Laboral para concretar unha nova visita ó Centro con motivo do Proxecto Crece. Concrétase cita para o luns día 17.**

- As Traballadoras Sociais pónense en contacto telefónico cá Federación Nacional de Alcer para concretar qué medidas vanse tomar por parte de cada entidade provincial de Alcer con respecto ó Borrador de Transporte Sanitario non Urxente.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- As Traballadoras Sociais realizan xestións de cara á xustificación da subvención da Obra Social La Caixa, realizando a Memoria Xustificativa.

9. O día 17, recibimos ó argumentario para utilizar ante os periodistas co motivo do copago das ambulancias, dende a Federación Nacional de Alcer.

- **Realízase visita os pacientes de diálise, por parte das Traballadoras Sociais.**

- **A Traballadora Social realiza unha visita á Universidade Laboral para falar có Director do Centro, informarlle do Proxecto Crece e concretar se se leva a cabo en dito Centro o aloxamento e a manutención dos nenos/as.**

10. **O día 18, as Traballadoras Sociais realizan Historias Sociais de novos pacientes en hemodiálise para poder archivalas.**

11. O día 19. as Traballadoras Sociais buscan unha empresa de vestiario laboral para adquirir unhas batas brancas para acudir ás visitas en hemodiálise.

- **Realízanse visitas ós pacientes de diálise peritoneal por parte da Traballadora Social.**

12. **O día 20, realízanse visitas ós pacientes de diálise peritoneal por parte das Traballadoras Sociais. Créanse novas Historias Sociais dos pacientes que comezaron recentemente.**

- Recíbese un correo da Federación Nacional de Alcer no que se explica que lógrase que o Ministerio de Sanidade aprrobe un copago simbólico do transporte de pacientes en hemodiálise.

Durante o día do 20 de decembro a Secretaría Xeral do Ministerio de Sanidade mantivo varios contactos cá presidencia da Federación para chegar a un acordo sobre as cantidades que os pacientes renais en tratamento de hemodiálise deberían copagar para o seu transporte.

Ante la negativa do Ministerio de eximi-los pacientes en hemodiálise do copago do transporte sanitario e o riesco de que cada Comunidade Autónoma regulase pola súa conta o precio correspondiente, a Federación Nacional a través do seu presidente lanzou a seguinte proposta:



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Escala de aportacións (copago) para pacientes con enfermidades crónicas que precisen transporte sanitario e previsiblemente por un periodo superior a 6 meses (esto inclúe a tódolos pacientes en tratamento de hemodiálise):

Exentos de aportación: pensións non contributivas, rentas de inserción, afectados polo síndrome tóxico e **personas con discapacidade beneficiarias da Lei de Integración das Persoas con Discapacidade.**

**Con rentas ata 18.000 €: límite máximo de 6 € anuais (0,5 € ó mes).**

**Rentas entre 18.000-100.000 €: límite máximo de 12 € anuais (1 € ó mes)**

**Rentas superiores a 100.000 €: límite máximo de 60 € anuais (5 € ó mes)**

Adicionalmente o Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade traballará na definición dun **Plan Preventivo para Enfermedad Renal Crónica**, que se integrará dentro da actual **Estrategia Preventiva de Enfermedades Renales Crónicas** na que colaborará ALCER a través da súa Federación Nacional.

Despois de varios contactos telefónicos aceptouse dita proposta.

**A tabla comparativa ca proposta anterior, correspondinte ó borrador do Ministerio é a seguinte:**

	<b>Ata 18.000 €</b>	<b>18.000-100.000 €</b>	<b>Máis de 100.000 €</b>
<b>Proposta Inicial</b>	20 € anuais	40 € anuais	120 € anuais
<b>Proposta Final</b>	<b>6 € anuais</b>	<b>12 € anuais</b>	<b>60 € anuais</b>



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

13. O día 26, as Traballadoras Sociais realizan xestións de cara á xustificación da subvención da Obra Social La Caixa.

- A empresa de vestiario laboral envíanos por correo o modelo de logotipo para colocar nas batas. Confírmase dito logotipo para imprimir nas batas.

- Remátanse as Historias Sociais que quedaron pendentes dos novos pacientes de Hemodiálise e diálise peritoneal.

14. O día 27, as Traballadoras Sociais realizan xestións de cara á xustificación da subvención da Obra Social La Caixa. Trabállase na realización e cumprimentación do modelo de memoria xustificativa que finalmente envíase pola páxina web da Obra Social La Caixa, dentro do prazo establecido.

- Recíbese un correo de Voluntariado Galego no que se nos informa da creación do caixón solidario, para que os cidadáns que teñan obxectos que xa non usen podan cedelos ás entidades inscritas no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia que estean interesadas en ser receptoras de algúns destes obxectos.

15. O día 28, recíbese un correo da ONT (Organización Nacional de Transplantes) no que o seu Director, **Rafael Matesanz adiántanos que hoxe aprobarase o novo Real Decreto sobre trasplantes de órganos**. Entrará en vigor ós vinte días da súa publicación e quedará derogado o noso 2070/1999, que permitiunos traballar con éxito durante 13 anos.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

### **3. ATENCIÓN SOCIAL**

Este será realizado por un/unha diplomado/a en traballo social ó longo de todo o ano desenvolvéndose diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente. Dirixidas non só os enfermos renais senón tamén o resto dos cidadáns da provincia de Ourense, para transmitir información sobre a prevención de ditas enfermidades, así como a concienciación sobre a doazón de órganos.

**A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de todas as actividades previstas pola asociación e diste modo lograr alcanzar os obxectivos propostos pola asociación.** Esta actividade levarase a cabo ao longo de todo o ano 2011 e sen a cal non podíamos realizar outras actividades como son:

#### **1º Funcións terapéuticas/ asistenciais.**

Directas: intervención social co propio afectado/a.

Indirectas: Intervención co entorno, movendo os obstáculos para o normal funcionamento.

#### **2º Educativas:**

Charlas informativas en colexios, institutos, asociacións de veciños, concellos (de toda a provincia de Ourense).

Charla Universidad de Vigo en Ourense.

#### **3º Sensibilización e Concienciación:**

Celebración do Día Mundial do Ril (segundo xoves de marzo).

Celebración do Día do Doador (primeiro mércores de xuño).

Participación na actividade “Un Paseo pola Saúde” organizada polo concello de Ourense.

Participación nas feiras de Expourense, grazas a un convenio de colaboración firmado entre Expourense e a Asociación.

Celebrando o mes da Doazón Universitario/a.(Campus Universitario de Ourense).

Participando na Casa Solidaria (na Casa da Xuventude).

Charlas en colexio, institutos e asociacións de veciños



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

#### **4º Sociais:**

Acompañamento atención a pacientes en hemodiálise e diálise peritoneal..

- **Evaluar** a través de informes e entrevistas necesarios as necesidades sociais e individuais dos enfermos.

- **Diagnóstico, orientación e tratamento** dos problemas sociais dos usuarios

- **Asesoramento e tratamento social** dos pacientes ou familiares a petición propia ou ben dos equipos asistenciais .

- **Sensibilización** dos profesionais sanitarios sobre a detección de aspectos sociais del paciente así como da sociedade en xeral da importancia da prevención da enfermidade renal.

- **Concienciación a sociedade** en xeral sobre a insuficiencia renal crónica así como da importancia de doar órganos para salvar vidas. A través de campañas de sensibilización e concienciación.

- **Coordinar con outros servicios** (públicos e privados) a fin de canalizar adecuadamente la problemática social.

- **Información**, dando a coñecer o usuario os recursos sociais aso que pode optar así como os que ten dereito, atendendo A súa situación específica. referencia a, tales como:  
O servicio de información, orientación e asesoramento cobre entre outras as seguintes demandas:

- Certificados de Minusvalía

- Vacacións e Turismo Social

- Servizo de Axuda a Domicilio

- Teleasistencia Domiciliaria

- Reintegro gastos SERGAS: transporte adaptado e medicamentos

- Pensións da Seguridade Social (contributivas e non contributivas)

- Axudas económicas (Xunta, Concello)

- Axudas técnicas (sillas rodas, muletas...)

- Bonificacións por Minusvalía.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- IRPF
- Familias Numerosas, carné familia numerosa.
- Vehículos adaptados

**Visitas a Domicilio** As zoas máis afastadas do núcleo urbán, aquelas persoas que debido a súa situación xeográfica teñan máis dificultade para acceder aos recursos e así coñecer as posibles necesidades ou carencias sociais que poden padecer e solventalas.

**Visitas a centros de diálise** realizando unha escoita activa a estes enfermos que servirá en moitas casos para detectar posibles necesidades ou ben serán eles quen as demanden e xestionándoas dende a asociación, isto realizarase tres días a semana en tres turnos diferentes e en toda a provincia de Ourense (Barco de Valdeorras e Verín).

## **4. DESGLOSE DALGUNHAS ACTIVIDADES**

### **1. III XORNADAS DE COIDADOS EN SAÚDE RENAL**

Trátase dunha xornada de interese para persoas en diálise e o s seus familiares onde se tratarán os aspectos principais relacionados coa enfermidade renal de modo comprensible.

No caso das enfermidades de tipo crónico como é a I.R.C, son varios os aspectos que poden influír no desenrolo da mesma, referímonos a temas como é o seguemento dunha dieta adecuada, dos coidados no fogar, da toma correcta da medicación, o aproveitamento dos distintos recursos de apoio dispoñibles na súa comunidade.

Para elo, a Traballadora Social de ALCER Ourense , *Rosa Iglesias de Dios*, quen tratará o tema “Recursos de apoio para pacientes e os seus familiares” en ditas xornadas onde informará a todos aqueles asistentes a mesma da Asociación ALCER , as actividades levadas a cabo en ela e dos recursos existentes para enfermos crónicos.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## 2. DIA MUNDIAL DO RIL.

A Enfermidade Renal Crónica representa un dos principais problemas de saúde do século XXI, tanto pola súa elevada prevalenza como pola súa importante incidencia cardiovascular; cos custes sociais e económicos que isto implica.

O obxectivo da celebración do Día Mundial do Ril, non é outro que o de amosar a sociedade Ourenzá a realidade do enfermo renal e transmitir a poboación e aos profesionais sanitarios a importancia da prevención e a detección precoz.

En España mais de 45.000 persoas padecen insuficiencia renal crónica e unhas 22.0000 persoas descoñecen ter unha enfermidade renal. Cada ano únense outras 6.000.

No Día Mundial do Ril que ALCER celebra o **8 de marzo** quérese transmitir o mensaxe de que **“Doa os teus riles para recibir vida”**.

O redor do 30% das mortes en todo o mundo e o 10% das perdas de saúde para o resto da vida son debidas á enfermidade cardiovascular, segundo a Organización Mundial da Saúde. En España, as enfermidades cardiovasculares son a primeira causa de morte.

A presenza da enfermidade renal crónica (ERC) aumenta significativamente o risco dun evento cardiovascular, independentemente doutros factores de risco como a diabetes ou a hipertensión. Un de cada dez adultos, en España, teñen algún grao de enfermidade renal, a maior parte deles non o saben. A IRC é en sí mesma un potente factor de risco cardiovascular, como o demostra que a enfermidade cardiovascular aumenta de 20 a 30 veces en pacientes con IRC, independentemente da diabetes ou a hipertensión. Múltiples estudos científicos han documentado que o risco de morte cardíaca increméntase nun 46% nos pacientes cun filtrado glomerular entre 60 e 90 ml / min e nun 131% en pacientes con filtrado glomerular entre 30 e 60 ml / min.

O maior risco de eventos cardiovasculares e a mortalidade en persoas maiores de 55 anos con IRC por sí soa é equivalente ou incluso superior, o que se observa en pacientes





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

con diabetes ou que han sufrido anteriormente un infarto de miocardio. Este aumento do risco cardiovascular non vai ligado necesariamente a unha maior idade. Investigacións en voluntarios cunha idade media de 45 anos han demostrado que o risco de infarto de miocardio, accidente cerebrovascular e mortalidade por calquer causa se duplicaba cando tiñan IRC.

Neste senso ALCER vai repartir folletos informativos aconsellando manter unhas cifras de tensión arterial por baixo do 140/90 mmHg, manter uns niveis de azúcar en sangue por baixo do 126 mg/dl, controlar os niveis de colesterol en sangue, levar unha dieta variada, rica en vexetales e fruta, evitar hábitos tóxicos como o tabaco, alcohol e outras drogas e realizar unha actividade física regular, o menos 30 minutos, catro ou máis días a semana.

## **ACTIVIDADES PROGRAMADAS PARA O DIA MUNDIAL DO RIL**

- **Instalación dunha carpa informativa situada na Rúa Paseo (a altura da Subdelegación do Ministerio de Defensa) dende as 10:00h ata as 14:00h, en horario de mañá e de tarde de 16.00 a 19.45h.**

- **Inauguración as 13:00h por Dona Marga Martín, Concelleira de Sanidade e de D. Francisco Rodríguez, Alcalde de Ourense.**

- **Realización de diversas probas coma medicións de glucosa, peso e tensión arterial durante toda a mañá e tarde realizadas por persoal sanitario que nos indicarán de modo orientativo se estamos en risco.**

**Contaremos coa colaboración do Persoal de Enfermería do CHUO e Augas SOUSAS.**

Ademáis, dende ALCER Ourense, **fixemos entrega dun reloxo portarretratos, aqueles participantes neste día tan especial.**

**Obxectivos perseguidos:** Amosar a sociedade e xeral cal é a realidade da enfermidade renal e transmitir a poboación en xeral e a Ourenzá en especial sobre a importancia da prevención e a detección precoz da enfermidade.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**Recursos humanos:** xunta directiva, colaboradores voluntarios de ALCER Ourense e enfermeiras voluntarias do CHUO.

**Recursos materiais:** carpa situada na rúa do Paseo, carteis, dípticos e trípticos informativos, medidores de glucosa, tensiómetro, báscula, carteis anunciadores e trípticos da Asociación.

**Data de celebración:** segundo xoves do mes de marzo, este ano o día 8.

## **RESULTADOS OBTIDOS SEGUNDO O PERFIL DO USUARIO DE TODAS AS PERSOAS QUE SE ACHEGARON ATA A CARPA**

De entre as **220 persoas** que se achegaron á carpa o Día Mundial do Ril, o perfil predominante en xénero, foi o **feminino**; aínda que a diferenza non foi notable, xa que acudiron **116 mulleres** e **106 homes** cunha idade comprendida entre os **22** e os **87 anos de idade**.

En canto ao **peso**, podemos observar, que en xeral, predomina o **sobrepeso**, non soamente entre as persoas de **idade avanzada**, senón tamén se reflicte claramente, un **sobrepeso** importante entre os máis novos, dende os **22, ata os 38 anos** de idade. Concretamente, desas 52 persoas adultas que teñen este problema, **7** padecen de **obesidad** e **7** son tamén as persoas novas as que teñen **sobrepeso**,

Respecto a **Tensión Arterial**, podemos puntualizar, que das **217 persoas** que se **realizaron a proba**, soamente, **18**, comunicáronnos que eran **hipertensas**, e **38 hipertensas non diagnosticadas, ou non declaradas**. De todas estas persoas **hipertensas** (declaradas e non declaradas), **30 delas**, teñen unha **hipertensión arterial moi elevada**.

En xeral, todas as persoas que se achegaron á carpa para coñecer o seu peso e tensión arterial, estaban tamén moi interesadas, en comprobar si os niveles de azucre en sangue eran os axeitados. Soamente, **houbo unha persoa, que sen explicarnos os motivos, estaba interesada en realizar todas as probas exceptuando a da glucemia**.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Podemos comprobar, que foron **11 persoas** as que declararon ser **diabéticas**, e **15** as que **tiñan hiperglucemia** neses momentos, polo que **o persoal de enfermería**, **recomendoulles**, facer unha visita ao seu médico de cabeceira para saír de dúbidas.

### **PROMUEVE Y ORGANIZA:**

ALCER OURENSE

### **COLABORAN:**

Concelleira de sanidade do Concello de Ourense.

Persoal de Enfermería do CHUO.

Augas SOUSAS.





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)



### 3. PASEO POLA SAÚDE

A **VIII Feira do Paseo pola Saúde** celébrase os día 9 e 10 de Abril na Praza Bispo Cesáreo (Alameda) en horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30h.

Con motivo do **Día Mundial da Saúde**, a Concellería de Sanidade (Dona Marga Martín) danos a oportunidade un ano máis, a nos e a 27 asociacións, de participar na celebración do “**Paseo pola Saúde**”.

Este ano como en anteriores, dende ALCER Ourense queremos informar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica (IRC), así como da importancia que ten a prevención da mesma.

#### **OBXETIVOS:**

- Sensibilizar e concienciar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica así como dá importancia de doar órganos
- Previr as enfermidades renais, fomentando hábitos de vida saudables (medición dá tensión arterial).



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **ACTIVIDADES PROGRAMADAS**

Para este día, tivemos como única actividade, toma da tensión arterial a todas aquelas persoas interesadas en coñecer o seu estado de saúde.

Á carpa, asistiron catro membros da Xunta Directiva de Alcer, unha das Traballadoras Sociais e un socio colaborador.

Ás 12:00h tivo lugar a inauguración, pola Concelleira de Benestar, Dona Marga Martín e o alcalde de Ourense, D. Francisco Rodríguez, ambos, acompañados, de numerosos medios de comunicación.

En total, , foron 350 persoas, as que se achegaron ata a carpa para tomarse a tensión arterial.

### **PROMUEVE Y ORGANIZA:**

Concello de Ourense. Concelleira de sanidade do Concello de Ourense.

En conclusión, puidemos comprobar que esta ano, houbo unha chea de sorpresas en canto á medición da tensión, xa que había moitas persoas, ata novas, que tiñan a tensión arterial moi elevada, polo que lle recomendamos, que visitasen ao seu médico de cabeceira.

### **COLABORAN:**

ALCER (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

Demais asociacións enmarcadas no eido sanitario da provincia de Ourense (27 asociacións mais).



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## 4. DÍA NACIONAL DO DOADOR

**No Día Nacional do Doante ALCER Ourense quere celebrar o mérito de seguir sendo os primeiros.**

**ALCER Ourense destaca cunha campaña que en algo SÍ seguimos sendo los primeros del mundo: en trasplantes.**

“Nisto SI somos sempre os primeiros”. No medio do clima de cambios e preocupacións relacionadas coa Sanidade que están vivindo todos os españois nos últimos meses, ALCER quixo adicar o Día Nacional do Donante que se celebrará o 6 de Xuño a resaltar o mérito que ten o Sistema Español de Doazón e Trasplante de Órganos cando ano tras ano logra que sigamos sendo os primeiros do mundo en trasplantes.

Solidariedade, equidade e o acceso universal dos cidadáns con independencia da súa situación socioeconómica, son as claves que permiten ao modelo español de trasplantes manernos os primeiros e convertírnos nun exemplo para o resto do mundo e imitado por moitos países.

O análise detallado e continuo da evolución dos trasplantes en cada momento, a capacidade de prever cambios en épocas futuras e adiantarse os acontecementos tomando medidas clave que impedirán descensos nas taxas de doazóns, foron para ALCER Ourense os grandes acertos da ONT. Gracias a eles por exemplo, se puido compensar a diminución de doazóns de órganos procedentes de accidentes de tráfico, evitar posibles interferencias de intereses económicos ou bloquear intentos de actividades ilegais por parte de empresas que por beneficio propio intentaron romper os principios básicos da solidariedade, equidade e universalidade.

**Y contigo vamos a seguir siéndolo.** É a segunda parte da campaña de ALCER. Con ela quere agradecer a solidariedade de todos os doantes e dos familiares que permitiron



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

esas doazóns, así como transmitir a idea de que a continuidade do sistema depende tamén da firmeza coa que a cidadanía esté disposta a defender que o actual modelo non cambie.

## **ACTIVIDADES DE ALCER OURENSE CON MOTIVO DO DIA NACIONAL DO DOANTE**

Dende as 09:30 a 14:00h e de 16:00 a 20:00 horas, instalouse unha carpa na cidade de Ourense situada, na Rúa do Paseo. a altura da Delegación de Defensa.

A Inauguración da carpa terá lugar as 12:00 horas, e contaríamos coa presenza do alcalde de Ourense, Francisco Rodríguez, e da Concelleira de Benestar Social, Marga Martín Rodríguez.

Repartirase información sobre a doazón de órganos e tecidos, para seguir aumentando a ESPERANZA dunha segunda oportunidade para moitas persoas.

Obsequiaranse con camisetas co lema de este ano: “En esto SÍ somos los primeros y contigo vamos a seguir siéndolo”.

Ademais, levarase a cabo un obradoiro de flores de papel, que consistirá en invitar a todas as persoas a participar niste para que elaboren a súa propia flor en papel. A todos aqueles que participen entregaráselle unha planta.

Alcer Ourense na rúa:

ALCER Ourense colocará mesas na rúa para concienciar á xente e transmitirles toda a positividade posible. Quen se acheguen a estas mesas recibirán un distintivo e un folleto informativo.

Dende ALCER, quérese que todos os Ourensáns e Ourensánas luzan con orgullo ese día pola rúa o distintivo co lema “Nisto SI somos os primeiros e contigo imos seguir séndoo”, distintivo que ademais leva unha imaxe en forma de lazo que representa a dúas persoas, donante e receptor, sexan protagonistas dunha donación tras falecemento ou unha donación en vida .Ademais entregarase un folleto informativo que destaca os seguintes aspectos:



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Faite donante e ensina aos demais con orgullo a túa tarxeta de donante.

-Fala coa túa familia de que es donante. A tarxeta expresa a túa vontade de doar, pero a decisión final é da túa familia. Si coñecen o teu desexo, a túa familia respectarao.

-¿Sabes que tamén podes doar un órgano estando vivo? A unha familiar, a un amigo ou a quen o necesite sen coñecer a persoa que o recibirá.

A saúde das persoas que doan un órgano en vida non só non se resente, senón que é mellor que a do resto de xente. Sencillamente, porque pasan o resto da súa vida mellor controlados médicamente.

Para o Presidente de ALCER Ourense, David Gulias Rivas “Todos temos que aportar o noso esforzo para manter con firmeza o único en que somos os primeiros do mundo referente á saúde: a solidariedade e as doazóns. A vida de máis de 4.000 persoas no noso país depende disto cada ano. E nunca se sabe si unha delas pode ser calquera persoa ou familiar que este ano vexa o noso chamamento a seguir sendo os primeiros en trasplantes.”

### **Resumen da actividade sobre o nº de tarxetas de doantes :**

**En Ourense** fixéronse...68.... tarxetas de doantes de órganos.

**En Celanova** fixéronse 21 tarxetas de doantes de órganos.

Entre a cidade de Ourense e Celanova onde instaláronse as mesas informativas, fixéronse un total de 89 tarxetas de doantes de órganos.

### **DATOS ESTADÍSTICOS ( do mes de Xaneiro ata o 6 de Xuño, Día Nacional do Doador)**

**EN OURENSE. DOAZÓN E TRANSPLANTE DE CADAVER** (do mes de Enero ata o 6 de Xuño, día Nacional do Doador).





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

	<b>DOAZÓNS</b>	<b>TRASPLANTES</b>
<b>2011</b>	<b>2</b>	<b>26</b>
<b>2012</b>	<b>2</b>	<b>5</b>

Podemos observar na táboa, que o nº de doazóns mantense co respecto a o ano pasado, sen embargo, o nº de transplantes incrementouse notablemente. De isos 26 transplantes que fixéronse no ano 2011, 7 foron hepáticos, 3 cardiais, 1 pulmonar e 15 renais e dos 5 transplantes no ano 2012, 4 foron renais e 1 de fígado.

### **EN OURENSE. DOAZÓNS E TRASPLANTE DE INTERVIVO**

	<b>DOAZÓNS</b>	<b>TRASPLANTES</b>
<b>2011</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>2012</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Podemos contemplar, que a pesar de non levarse a cabo ningún transplante nin a doazón de órganos en vida, **dende o ano 2007 ata o 2010, fixéronse 7 doazóns.** No ano 2007 tres doazóns, no 2008, outras tres e no ano 2010 levouse a cabo unha doazón.

### **EN GALICIA TRASPLANTES DE INTERVIVO**

	<b>TRASPLANTES</b>
<b>2011</b>	<b>9</b>
<b>2012</b>	<b>8</b>

O nº de transplantes no 2012 mantívose con respecto a ano 2011, con unha mínima diferenza.

### **LISTA DE ESPERA PARA TRASPLANTE EN GALICIA**

**Cardíaca: 7 persoas**

**Pulmonar: 15 persoas**

**Hepático: 48 persoas**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**Páncreas: 6 persoas**

**Ril: Soamente o controlan os servizos de nefroloxía.**

**En total, existe unha lista de 76 persoas, esperando un trasplante de órganos na nosa Comunidade Galega.**



## **5. STAND RECINTO FERIAL EXPOURENSE**

A través desta actividade ofrécese información sobre a insuficiencia renal e sobre a doazón de órganos a un número moi importante de persoas que acoden a cada unha das feiras, celebradas ao longo do ano 2012. O stand pode realizarse gracias a elaboración de horarios por parte da traballadora social, sendo ela quen o atende a maior parte das veces así como voluntarios e colaboradores da Asociación. O material empregado foi basicamente trípticos e folletos explicativos.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

### **Temporalización:**

**Febreiro 1-5 XANTAR** “Salón Galego de Gastronomía e Turismo”.

**Marzo 2-4 MOSTRA DA OPORTUNIDADE**

**Abril 17-18 PREVISEL**. “Salón da Prevención e Seguridade Laboral”.

